

I Concurso Receitas de cociña

Con motivo do día mundial do consumidor, O Canto da Balea S. Coop. Galega presenta o I Concurso de receitas de cociña de peixe.

Obxectivo: Seleccionar a mellor receita de cociña con peixe da pesca artesanal como ingrediente principal.

Bases do concurso:

- 1_ Poderán participar todos os usuarios consumidores do peixe que ofrece O Canto da Balea S. Coop. Galega.
- 2_ A receita deberá ter como ingrediente principal un dos peixes ofertados por O Canto da Balea (en calquera época do ano).
- 3_ Todos os participantes deben ser maiores de idade.
- 4_ Para participar débese cumprimentar a información solicitada no recadro descrito no apartado " Para participar ".
- 5_ O xurado estará composto polos integrantes de O Canto da Balea S. Coop. Galega xunto con dous membros da Confraría de Pescadores de Lira e un cociñeir@ da zona.
- 6_ A data límite para presentar as receitas candidatas será o venres 11 de abril de 2014.
- 7_ Cada participante poderá presentar ata un máximo de tres receitas.
- 8_ O fallo do xurado farase público o día 25 de abril de 2014.
- 9_ O xurado poderá declarar o premio deserto.
- 10_ Os participantes autorizan a difusión da receita e a foto da mesma tanto na web de O Canto da Balea, www.ocantodabalea.com, como no seu facebook (<https://www.facebook.com/pages/O-canto-da-Balea/107235816137142>), e a que as dúas sexan compartidas con tod@s @s consumidor@s de peixe de O Canto da Balea.
- 11_ A presentación ao concurso implica a aceptación das condicións anteriormente mencionadas.

Para participar: As solicitudes para participar enviaranse por correo electrónico a info@ocantodabalea.com. Os participantes recibirán un mail confirmando a súa admisión.

As solicitudes formalizaranse achegando a seguinte información:

Nome da receita:
Nome e apelidos d@ participante:
Grupo de consumo ou Punto de reparto:
Correo electrónico de contacto:
Ingredientes da receita:
Modo de preparación:
Foto do resultado do prato de cociña:
Custo aproximado da receita:

O formato de presentación das receitas deberá ser en word ou calquera outro procesador de texto e en jpg, png ou gif para a imaxe.

Premio: O premio consistirá nun bono para a compra do peixe comercializado por O Canto da Balea, e valorado en trinta euros.

Valorarase por parte do xurado: que os participantes realicen receitas saudables, orixinais, sinxelas e accesibles.